

Manifesto institucional polo 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2024

Bo día.

Neste 8 de marzo queremos agradecer a esta corporación que nos dea voz ás mozas novas, que non temos un panorama demasiado esperanzador de cara a converternos en futuras mulleres traballadoras. É importante que escoitedes a nosa voz porque, ademais de ser o futuro, habitamos xa o presente e estamos cansas de escoitar cousas como “O feminismo está indo moi lonxe. Como vou a ser machista se teño nais e irmás? Vós sodes unhas feminazis. Nin machismo nin feminismo, igualdade”. Non entendemos que se nos quere dicir con iso. O feminismo segundo a Real Academia Galega é a doutrina que defende a igualdade de dereitos entre os homes e as mulleres. Tamén di que o machismo é a ideoloxía, comportamento ou actitude de quen defende a supremacía dos varóns e non acepta esa igualdade. De verdade credes que son equiparables machismo e feminismo? Non vos parece que sería como equiparar ditadura e democracia? Prisión e liberdade?

Feminismo é liberdade. E tamén posibilita aos mozos amosarse como son, coa súa sensibilidade, os seus propios gustos, e non os que dita o patriarcado.

Cando o feminismo avanza, non deixa ninguén atrás. A quen di, nin machismo nin feminismo, igualdade, queremos preguntarlle: Se queredes igualdade, por que non sodes feministas? Hai aínda demasiadas persoas que din que as mulleres xa temos dereitos dabondo, e que nos estamos a pasar con tanta vindicación. Que estamos en todas partes, que as cotas van contra os homes e agora somos nós as que queremos ser superiores. Pero segundo as estatísticas, esas mesmas persoas tamén admiten que as mulleres pasan o dobre de tempo que os homes coidando da familia,

que nosoutras temos máis problemas para atopar traballo, que temos a liña de saída máis lonxe só por nacer muller. Todo iso amosaría que estamos moi lonxe de lograr a igualdade real. Se xa existise, como se explica que pese máis a palabra dun home que a dunha muller? Por que nós temos que traballar o triplo para demostrar que somos válidas? Por que as xefaturas son ocupadas maioritariamente por eles mentres que as tarefas de coidado e servizo doméstico as realizan nomeadamente mulleres? Por que a quen loitamos por equiparar as cousas seguen a chamarnos feminazis? Por que se unha moza sae con varias persoas é insultada mentres que se fan eles só reciben afaños? Por que nós volvemos de noite á casa con medo, coas chaves nunha man e o teléfono noutra mentres os nosos compañeiros camiñan tranquilos? Se hai igualdade, porque seguimos a ser acasadas no traballo, na discoteca, na rúa e temos que soportar case a diario comentarios e comportamentos sexistas?

O feminismo é algo bo. As persoas feministas queremos a igualdade para todas, todos e todes. Queremos que non se xulgue a ninguén polo xénero co que se identifica, e abolir os roles predefinidos, para que ninguén teña que renunciar a ser quen é en realidade. Por iso, non admitiremos nin un paso atrás. É máis, debemos seguir dando pasos, como fixeron no seu momento as nosas avoas, seguen facendo as nosas nais e faremos nós de aquí en diante.

Mentres non haxa igualdade real, haberá loita feminista!

Moitas grazas

Manifiesto de Martiña Alexandra Riobó Touriño, alumna e presidenta do Equipo de Igualdade do IES Valle Inclán, en representación do Consello da Muller Nova do Concello de Pontevedra